

COMUNICADO Nº2

LISTA DE INSCRITOS E RESERVAS.

Informase os equipos participantes no VII Rallye de Pontevedra que tal e como figura no **ARTIGO 7.2** do regulamento particular e no **Anexo 1: Normas a cumprir no Campionato de Galicia de Rallyes de Asfalto 2025** dentro do **ARTIGO 10** o número máximo de inscritos para a tempada 2025 establécese en **140**. Tal e como indica o formulario de inscrición na web da FGA unha vez cumprimentados todos os datos, **a inscrición non estará completa ata o pago da mesma.**

Seguindo esta normativa o día 20 de Maio alcanzouse o límite de 140 equipos participantes inscritos correctamente (formulario de inscrición e pago).

Todo aquel equipo que realizase a súa inscrición e non realizase o pago, e todo aquel equipo que se inscribiu unha vez completado o cupo máximo pasará a integrar a lista de reservas, os equipos afectados en esta lista reserva serán informados por correo electrónico, podendo pasar a formar parte dos inscritos oficiais, se algún equipo se da de baixa con anterioridade peche de inscricións o próximo 26 de Maio.

Alegramonos moito da acollida que esta tendo esta sétima edición da nosa proba, e o mesmo tempo entristecemos ter que deixar sen participar a varios equipos, pero entre a normativa vixente e o espazo do que dispoñemos no Parque de Traballo, se queremos garantir nel a máxima seguridade e comodidade para todos, vemonos obrigados a tomar esta decisión.

O COMITÉ ORGANIZADOR

Sanxenxo, 21 de Maio de 2025 sendo as 21.15 horas.